

RELACIÓN DEFINITIVA DE PUNTUACIÓNS NO CONCURSO ESPECÍFICO CONVOCADO PARA O INGRESO NA CATEGORÍA ESTATUTARIA DE PERSOAL ENFERMEIRO ESPECIALISTA, NA ESPECIALIDADE DE ENFERMARÍA XERIÁTRICA.

Mediante a Resolución da Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde do 22 de decembro de 2025 (DOG núm. 3, do 7 de xaneiro de 2026), convocouse o concurso específico para o ingreso na categoría estatutaria de persoal enfermeiro especialista, na especialidade de enfermaría xeriátrica, establecendo a citada resolución que serán de aplicación a este proceso as bases aprobadas mediante Resolución da Dirección Xeral de Recursos Humanos do Servizo Galego de Saúde de 21 de marzo de 2018 (DOG núm. 63, do 2 de abril).

De conformidade co disposto na base 3.4.3 da devandita resolución, e logo de realizada a baremación correspondente por parte desta Comisión de Avaliación, o 29 de maio de 2026 procedeuse á publicación da puntuación provisional obtida polos/as aspirantes nas distintas epígrafes, así como da valoración total do concurso, tanto na páxina web do Servizo Galego de Saúde como no taboleiro de anuncios do centro correspondente.

De acordo coa citada base 3.4.3, abriuse un prazo de dez (10) días hábiles, contados a partir do día seguinte ao da publicación da baremación provisional, para que os/as aspirantes puidesen presentar as reclamacións que considerasen oportunas ante esta Comisión.

Transcorrido o sinalado prazo sen que se teñan presentado reclamacións, a Comisión Avaliadora,

ACORDA



Primeiro. Publicar, como Anexo a esta resolución, a relación definitiva de puntuacións obtidas por cada unha das persoas aspirantes nos distintos apartados, así como a puntuación total acadada no concurso específico para o ingreso na categoría estatutaria de persoal enfermeiro especialista, na especialidade de enfermaría xeriátrica. Esta relación definitiva de puntuacións poderá examinarse na páxina web do Servizo Galego de Saúde (www.sergas.es) e nos taboleiros de anuncios desta área sanitaria.



Segundo. Remitir á autoridade convocante a proposta de persoas aspirantes seleccionadas, aos efectos previstos na convocatoria.

En Lugo, a 17 de xuño de 2026

O Presidente da Comisión Avaliadora

Manuel Gómez López



ANEXO

RELACIÓN DEFINITIVA DE PUNTUACIÓNS NO CONCURSO ESPECÍFICO NA CATEGORÍA DE ENFERMEIRO/A ESPECIALISTA, NA ESPECIALIDADE DE ENFERMARÍA XERIÁTRICA

DNI	APELIDOS E NOME	GALEGO	FORMACIÓN	EXPERIENCIA	OUTRAS ACTIVIDADES	TOTAL	N.º ORDE
***2044**	GONZÁLEZ SEIJAS, MARÍA OLGA	2,000	6,000	28,000	0,000	36,000	1
***2364**	MÉNDEZ GONZÁLEZ, CRISTINA	2,000	6,000	28,000	0,000	36,000	2
***3113**	LÓPEZ FERNÁNDEZ, SUSANA MARÍA	2,000	6,000	28,000	0,000	36,000	3

(*) O DNI amósase cifrado co fin de protexer os datos de carácter persoal.

